

APECAT *Associació de Productors - Editors
Discogràfics i Videogràfics de Catalunya*

APECAT, Asociación de Productores-Editores Fonográficos e Videográficos Cataláns, está constituída por unhas trinta compañías asociadas que comparten obxectivos comúns. APECAT ten por obxecto contribuír á consolidación e estabilidade do sector fonográfico en Catalunya e favorecer as producións e edicións artísticas das Industrias Discográficas catalás. Coa finalidade de acadar estes obxectivos xerais, APECAT é na actualidade o interlocutor representativo válido no seu ámbito de actuación e conta coa complicidade, non só das institucións públicas, senón da gran maioría das entidades operantes no sector.

A.P.M. Asociación de Promotoras de Música

Asociación de ámbito nacional, sen ánimo de lucro, que aglutina as principais empresas promotoras de concertos do noso país, e conta cunha cota de mercado de aproximadamente o 80% dos concertos de iniciativa privada que se realizan en España. Estas empresas son as responsábeis das principais xiras, tanto de artistas nacionais coma internacionais, que nos visitan regularmente.

**ALONSO, Xabier. Administrador de Cartafol
Editores S.L. e xerente de Nordesía Produccións,
S.L.**

Avogado en exercicio do Ilustre Colexio de Vigo. Asesor xurídico no eido da cultura e das propiedades inmateriais en xeral para empresas, artistas e administracións. Administrador e socio fundador de Cartafol Editores S.L. Xerente de Nordesía Produccións S.L.

CAMPOS, Xavier. Xefe de gabinete do IGAEM

Licenciado en Filoloxía Galega pola USC e posgraú en Xestión Cultural pola UOC. Traballou coma técnico de cultura no Concello de Ribadeo de 2003 a 2006. Actualmente é xefe de gabinete do IGAEM, onde coordina as políticas de fomento das artes escénicas e musicais, en ámbitos como as liñas de axudas e subvencións, as redes e programacións ou a liña de publicacións.

**CORUJO, Delia. Xornalista. Redactora do
programa "Miraxes" da TVG**

Estudou Xornalismo en Santiago de Compostela e traballou desde o ano 97 en diferentes programas de televisión. Empezou nos Informativos da TVG e, durante varios anos, traballou en Madrid no canal autonómico Onda 6 e en varios programas de Tele 5. Incorporouse de novo á Galega no 2003 para traballar en diferentes

espazos como redactora e reporteira. Desde o 2006 forma parte do equipo de redacción de "Miraxes", programa cultural da Galega no que se ofrece información sobre a actividade cultural e musical en Galiza.

**CELA, Rubén. Director Xeral de Xuventude
e Solidariedade**

Estuda o derradeiro curso da licenciatura de Economía da USC. Realizou estudos de especialización en Dereito Tributario. Participou no movemento estudantil nacionalista, primeiro nos Comités Abertos de Estudantes e posteriormente nos Comités Abertos da Facultade (CAF), representando ao alumnado nos órganos da Facultade de Economía. No 2000 foi elixido Secretario Xeral de Galiza Nova, cargo que ocupou até 2004. É membro fundador, en representación de Galiza Nova, da Free Alliance Europe Youth, organización de ámbito europeo que incorpora organizacións xuvenís de dez estados da Unión Europea. Participou activamente en diferentes debates asemblearios do Consello da Xuventude de Galiza (CXG). Actualmente é membro do Consello Nacional do BNG.

**DOMÍNGUEZ, Óscar. Director xerente
da plataforma de distribución Lonxa Cultural, S.L.**

Vende música desde hai máis de vinte anos. Comezou en DISCO 3, onde traballou durante anos como vendedor de produtos fonográficos na provincia de Pontevedra e norte de Portugal. Foi copropietario e xerente da tenda de discos LA COLUMNNA, en Vigo, durante sete anos. Traballou para a multinacional UNIVERSAL MUSIC, como delegado de vendas en Galiza, cargo que tamén ocupou na distribuidora GRAN VÍA DISTRIBUCION, do grupo PRISA. Os últimos catro anos exerceu como delegado da zona oeste (Galiza, Asturias e Portugal) para a compañía catalá DISCMEDI S.A. Actualmente é director-xerente da plataforma de distribución LONXA CULTURAL, SL.

**FEÁNS, Noel. Responsábel do netlabel
A Regueifa, coordinador da revista
Sono-Tone e condutor do programa Radio
Oceánica na Radio Galega Música**

Licenciado en Dereito, compaxina o exercicio da avogacía coa tarefa de responsábel do netlabel galego A REGUEIFA PLATAFORMA, unha editora sen ánimo de lucro dedicada á publicación de obras de todo tipo baixo licenza *copyleft*. A finais de 2006 promove a creación da revista de música galega SONO-TONE, da que é coordinador. Baixo o alcume de Vincent Jalo, dirixe e conduce o programa de Radio Galega Música RADIO OCEÁNICA e colabora semanalmente no EXTRARRADIO da Radio Galega.

GARCÍA, Alberto. Técnico de cultura do Concello de Boiro

Licenciado en ciencias políticas e da administración. Educador social habilitado. Experto en asc pola universidade de Sevilla. Traballa desde 1999 no Concello de Boiro como técnico de cultura exercendo actualmente de director do Centro Social de Boiro e coordinador de dúas liñas de traballo da Concellaría de Cultura: creación contemporánea, apoio e fomento da creación e difusión cultural máis nova, e rede de centros sociais, cultura e participación social, proxectos de proximidade e excelencia.

GARCÍA, Salvador. Director de Programas e Emisións de Radio Vigo

É deseñador industrial mais sempre estivo vencellado ao mundo da música e do sector audiovisual do sur de Galiza. Foi colaborador do programa "A Trincheira" (89-90), emitido pola desaparecida Radio 4 (RNE en Galiza). Foi redactor e crítico musical do suplemento "16 Pistas" (90-93). Fixo traballos de redactor e crítico musical de "32 Pistas" (95-96), o primeiro periódico musical gratuito editado en Galiza, e de "Días de Ocio" (96-97), guía de ocio de Pontevedra. Foi responsábel do Proxecto MAKETON ESTRELLA GALICIA, Los 40 PRINCIPALES Vigo (98-02). Entre 2002 e 2004 coordinou as Emisoras Musicais integradas en Radio Vigo-Grupo de Comunicación (Cadena DIAL Vigo, MAXIMA FM Vigo, M80 RADIO Vigo e Los 40 Principales Vigo). Desde 2004 é director de Programas e Emisións radiofónicas das cinco emisoras integradas en Radio Vigo Grupo de Comunicación (Cadena SER Vigo e as xa citadas) e director de contidos do Portal Web www.maketon.com. Tamén é crítico musical da revista bimensual galega GPS (*Galicia Por Seccións*), e desenvolveu proxectos artísticos como a Xira dos 100 Anos E.G. ou o propio Proxecto MAKETON, que, na súa emisión radio, leva 17 anos en activo.

GARROTE, Ignacio. Profesor Titular de Dereito Civil na Universidade Autónoma de Madrid

Profesor Titular na Universidade Autónoma de Madrid (Área de Dereito Civil). Doutor en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid, grao que obtivo cunha tese de doutoramento sobre as cuestións de dereitos de propiedade intelectual en redes dixitais como Internet. É experto nos problemas que as novas tecnoloxías xeran con respecto ao Dereito de autor: os dereitos patrimoniais e as súas excepcións, as redes *peer to peer*, a protección tecnolóxica das obras e prestacións protexidas, a copia privada e as relacións contractuais en liña. Tamén profundizou noutras liñas de investigación relativas á responsabilidade civil dos prestadores de servizos na Sociedade da Información, as relacións entre a autonomía privada e a comunidade de bens, etc. Entre as súas estadias no estranxeiro inclúense centros de investigación como as Universidades de Harvard e Boston College e o Max-Planck- Institut de Múnic.

GRANDÍO, Alberto. Directivo de Clubtura

Mestre e filólogo. Desde sempre afeccionado a música, participa na súa etapa estudiantil en grupos de "pachanga" ou pop-rock da cidade amurallada e

implicase de cheo no proxecto dun local cultural: o Clavicémbalo. Funda, xunto a uns amigos de afección jazzística, a Asociación de Amigos do Jazz "Escobijazz", que segue a presidir hoxe, e da que xorde o Festival de Jazz de Lugo, decano dos que hai en Galiza e que celebra este ano a XVII edición. Pertence dende hai anos ao xerme do asociacionismo de locais con inquedanzas, dos que nace CLUBTURA, Asociación de salas de música en directo que acolle actualmente 52 salas do país galego.

IGLESIAS, Xesús Manuel. Director da Televisión de Galicia

Licenciado en Xornalismo pola Facultade de CC da Información da Universidade Complutense. Delegado do *Faro de Vigo* na Coruña (79-89). Corresponsal de *Cambio 16* (mediados dos 80). Director da Revista Cultural *La Naval* (A Coruña 82-85). Membro do Consello de Redacción da Revista *Obradoiro* (83-84). Xefe de Información de Galicia do *Diario de Galicia* (Vigo, 1990). Coordinador de eventos culturais para a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (88-90). Director dos programas da TVG: "Adiviña quen vén esta noite" (talk show), "Radio Onte" (musical nostálxico), "En pé de festa" (magazine itinerante), "Gracias pola galega", "Máxima Audiencia" (humor) e "Xabarin Club" (infantil). Director e co-creador da serie "Fíos". Guionista e produtor executivo da serie de debuxos animados producida pola TVG "Os Vixiantes do Camiño". Director da Televisión de Galicia desde outubro de 2005.

IGAPE. Instituto Galego de Promoción Económica

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galiza. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Para achegar os seus servizos e axudas aos usuarios, o instituto ten oficinas territoriais nas sete principais cidades galegas. Ao mesmo tempo, para facilitar a internacionalización das pemes galegas e captar investimentos estranxeiros, dispón de centros de promoción de negocios en Alemaña, China, Estados Unidos, Polonia e Xapón.

LÓPEZ, José Miguel. Redactor de RNE, director do programa "Discópolis" de Radio 3

Xornalista, licenciado na Facultade de Ciencias da Información. Estudou música no Conservatorio de Madrid e o curso "Manuel de Falla" de Granada. Redactor de Radio Nacional de España desde 1977. Director do programa diario "Discópolis" desde 1987 (6.000 edicións). Premio de Honor á Comunicación pola Academia da Música 2006. Premio Europeo de Radio, Deutsche Welle 2002. Autor de Robert Fripp-King Crimson: *Música de alto riesgo* (1995) e *Los Sonidos de Discópolis. Rock: ideología y utopía* (2002). Coordinador do libro *La radio musical en España* (IORTV 2001). Delegado na Unión Europea de Radio (música popular) desde 1984. Produtor de media ducia de discos. Membro do panel de críticos europeos World Music Charts Europe desde 1993.

LUACES, Fernando. Director e fundador de BOA

BOA é unha compañía que produce, distribúe e difunde música de calidade, en España e en todo o mundo desde 1993. Está diversificada en diferentes áreas: BOA MUSIC: artistas (produce gravacións musicais e audiovisuais), distribución (cd e dvd) – distribución dixital (compañía líder en distribución independente de selos discográficos e produtores españois, aínda que tamén distribúen selos discográficos internacionais), internacional (exportación de música española en Europa, Asia e América). BOA PUBLISHING: editorial musical que xestiona, comercializa e protexe a propiedade intelectual dos nosos autores. Así mesmo, administran e coeditan os dereitos doutras casas editoriais. BOA EVENTS: xestión e organización de eventos musicais e culturais (Festival de Hip Hop e Cultura Urbana de Madrid). BOA STORE: nova tenda de venda directa ao público por Internet. BOA NEWS: www.boa.es.

MARCE, Xavier. Economista e xestor cultural

Director de Cultura do Padroado Municipal de Cultura de l'Hospitalet (85-91). Director do Mapa Cultural de Sabadell (91-95). Director de recursos do Instituto de Cultura de Barcelona (95-00). Director de Acción Cultural do Instituto de Cultura de Barcelona (2001). Director Xeral de Estratexia de Focus (2001-2003). Dende 2004 ata febreiro de 2007 dirixiu o Instituto Catalán das Industrias Culturais. Dirixiu o mestrado de xestión cultural da UB. Escribe quincenalmente en *El Mundo Catalunya* e no *Avui*.

MARTÍNEZ, Antonio. Xerente da axencia Endirecto GmbH

A axencia Endirecto GmbH foi creada en Alemaña en 1997 para a distribución e promoción en Centroeuroa da cultura e especialmente da música do ámbito hispano e lusófono. Traballa como axencia de contratación e promoción, como selo discográfico e como editora. Á parte de representar en Centroeuroa durante anos a artistas como La Vieja Trova Santiaguera, Eliades Ochoa ou Mariza, organizou e colaborou en preto de 20 xiras de grupos galegos neste territorio, entre eles Milladoiro, Carlos Núñez, Berrogüetto, Susana Seivane, Leilía, Uxía, Dhais ou Cantigas e Agarimos.

NOGUEIRA, Olga. Técnica de proxección exterior do IGAEM

Licenciada en Filoloxía Galega, posgrao de teatro pola USC, mestrado de antropoloxía musical na École des Hautes Études de París, posgrao de xestión cultural na UOC. Estudou no Conservatorio Superior de Música de Vigo e no Conservatorio Tradicional e Folque de Lalín, e participou activamente no mundo da música (Chouteira) e do teatro (Compañía Marías). Traballou na Comisión Técnica de Teatro do Consello da Cultura Galega e no Centro de Estudos Galegos de París. Colabora coa revista *Tempos Novos*. Actualmente traballa como técnica do departamento de proxección exterior do IGAEM.

PÉREZ, Antonio. Asesor do Conselleiro de Innovación e Industria para a Sociedade da Información

Licenciado en Física, especialidade de Electrónica. Mestrado en Robótica e Automatización Avanzada pola Universidade do País Vasco e Robotiker. Responsábel da Rede de Datos da USC, actualmente en excedencia. Responsábel de distintos programas de introdución das TIC no ámbito universitario, tanto no referido a servizos de rede como a infraestruturas de telecomunicacións. Como responsábel da Universidade participou na organización, conxuntamente con RedIRIS, das "Xornadas Técnicas Rediris 1996-Santiago de Compostela" e o "II foro de Seguridade Rediris 2004". Coordinador do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información da Xunta de Galicia, aprobado o pasado 10 de xaneiro no Consello da Xunta e actualmente en trámite parlamentario.

PÉREZ, Fran ("NARF"). Compositor e intérprete

Narf editou o seu primeiro disco en 2004, ao que seguiu unha intensa actividade internacional (Gran Bretaña, Brasil, Cuba, Cabo Verde, Cataluña, Polonia, Portugal, Mozambique...). En outubro de 2006 conseguiu o segundo lugar no festival da canción en linguas minorizadas, Liet-Lavlut 06, en Östersund, Suecia. Como autor de bandas sonoras, desenvolve a maior parte do seu traballo en Portugal, aínda que conta con cinco premios Marías Casares á mellor música para teatro e un premio da crítica de Barcelona ao mellor espectáculo musical do ano por "Annus Horribilis" en 1995. Compuxo a obra sinfónica estreada na praza do Obradoiro con motivo da investidura do actual presidente da Xunta, así como a música para espectáculos diarios nas Expos 98 (Lisboa) e 2000 (Hannover), entre outras. No audiovisual destaca a súa música para o proxecto "O labirinto dos soños". Foi cofundador da Sala Nasa e membro de proxectos como Psicofónica de Conxo, Nicho Varullo ou Os Quinindiola.

PRENAFETA, Javier. Asesor legal da empresa Leggio Contenidos y Aplicaciones Informáticas, S.L. e coordinador do Monitor de Dereitos de Autor na Era Dixital de Alfa-Redi

Avogado en exercicio do Real e Ilustre Colexio de Avogados de Zaragoza, onde forma parte da xunta directiva da súa sección de dereito de internet e novas tecnoloxías. Está especializado nos aspectos legais relativos ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Comercio e Contratación Electrónicas, Administración Electrónica, Telecomunicacións, Propiedade Intelectual e Protección de Datos). É autor de numerosos artigos especializados e participou en varias charlas e seminarios específicos. Participou, entre outros, no II Encuentro Internacional de e-business Walqa (2003), I Congreso Iberoamericano Bitácoras y Derecho (2005), IV Congreso Latinoamericano de Derecho Informático (2006), II Congreso de Nuevas Tecnologías y Abogacía (2006) e II Jornadas de Comercio Electrónico y Administración Electrónica (2007).

REGUEIRA, Belén. Xornalista da Radio Galega

Licenciada en Ciencias da Información pola USC. Foi guionista e presentadora do programa musical *Chambo*, labores que tamén desempeñou noutros programas informativos e de entretemento da TVG. Actualmente dirixe na Radio Galega o magazine *Extrarradio*, impulsor de iniciativas como *A Polo Ghit*, un concurso na procura da canción galega do verán.

ROMANÍ, Rodrigo. Músico e investigador

Licenciado en Psicoloxía pola USC. Estudou guitarra clásica e arpa. Fundador e coordinador do departamento de Música Tradicional e Folk da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. Profesor de arpa e de historia de música galega no mesmo centro. Co-fundador do grupo Milladoiro e membro activo até 2000. Director e presentador do programa "Trotamundos" da Radio Galega (1989-90) e actualmente de "Astrolabio" na RG Música. Coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura Galega) desde 2005. Vogal do Consello Reitor do IGAEM. Director do proxecto "Libro Branco do Ensino en Música Tradicional". Fundador e presidente da Fundación Sondeseu.

SÁNCHEZ, Rafael. Profesor Titular de Dereito Civil na Universidad Rey Juan Carlos (Madrid)

Secretario de *Pe.i.*, revista de propiedade intelectual. Coordinador do Mestrado en Propiedade Intelectual. Doutor en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid, baixo a dirección de R. Bercovitz, cunha tese titulada "La propiedad intelectual sobre las obras musicales", publicada en Comares (1999 e 2005). Autor de diversos estudos sobre propiedade intelectual (protección das ideas, copia privada dixital, o plaxio de fondos musicais para spots). Responsábel do Proxecto de Investigación do MEC "Transformaciones del Derecho Civil ante los desafíos de la sociedad de la información". Autor dun Informe sobre o intercambio de obras protexidas a través das plataformas P2P, por encargo do Instituto de Dereito de Autor (SGAE), de próxima publicación.

TORRES, Albert Josep. Director rexional de The Orchard para España e Portugal

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Autónoma de Barcelona 1994. Xornalista musical (92-94). Promotor do selo RCA na oficina de Catalunya en Barcelona (Los Planetas, Take That, Antonio Flores...), label manager de produto alternativo internacional en Madrid (Black Crowes, Moby, Spiritualized...) e marketing manager de produto internacional en Madrid (Depeche Mode, Eros Ramazotti, Garbage, Natalie Imbruglia...) de BMG Music SPAIN (94-99). Director de Promoción, director do departamento internacional (ventas a exportación e licenzas) e xefe de produto internacional de K INDUSTRIA CULTURAL (99-2005). É Director Rexional de The Orchard para España e Portugal desde 2005.

UFI. Unión Fonográfica Independente

A Unión Fonográfica Independente, UFI, é a asociación nacional de produtores fonográficos independentes. Foi creada en novembro de 2003 como organización sen ánimo de lucro cunha clara vocación empresarial e cultural. As empresas membros da Asociación buscan a unión para reivindicar unha transcendental rama do sector así como para facer fronte a unha complicada situación de mercado. Na actualidade UFI está formada por 43 selos discográficos independentes. É socio de Impala e membro da súa Xunta Directiva. Tamén é membro fundador da Worldwide Independent Network (WIN). Máis información en www.ufimusic.com

VARELA, Ángel. Redactor de La Voz de Galicia

Licenciado en Filoloxía Hispánica (1993) e Mestrado en Medios de *La Voz de Galicia* (1994). Curso de especialista en información medioambiental da Complutense de Madrid (1995). Traballa en *La Voz de Galicia* desde 1995, onde desempeñou en diversas etapas profesionais a coordinación da sección de Sociedade e Cultura, e dos suplementos Los Domingos de La Voz, Culturas e Fugas. Actualmente é redactor da sección de Sociedade e Cultura, na que se ocupa sobre todo da información musical. Tamén colabora como crítico musical nos suplementos Fugas e Culturas.

VÁZQUEZ, Susana. Técnica da Subdirección de Internacionalización do IGAPE

Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais. Mestrado en Economía e Administración de empresas, Unión Europea e Comercio Exterior. Entre 1993-96 traballou na Confederación de Empresarios de Galicia. De 1996 a 1999 exerceu na Dirección Xeral de Comercio da Consellaría de Innovación e Industria. Desde 1999 traballa no IGAPE como técnica da Subdirección de Internacionalización.

VIZCAYA, Antonio. Director do programa de promoción exterior do Goberno de Canarias, Canarias Crea

Activista cultural desde 1989 como creador de múltiples proxectos de promoción e difusión cultural en todas as áreas, principalmente nas relacionadas coa música e o libro. Actualmente é o manager de Eliseo Parra, Javier Paxariño, Rasha e José Antonio Ramos. Fundador e director da empresa Producciones Mirmidón, S.L., dedicada á programación de espectáculos e á organización de xiras e festivais. Fundador e director da empresa CSC Mirmidón, S.L, dedicada á promoción cultural, elaboración e execución de proxectos culturais e o asesoramento en materia de políticas culturais. Fundador e xerente da empresa Promociones Culturales Sinergia, S.L., dedicada á distribución de soportes culturais. Asesor da empresa Sentidos Promociones Culturales, S.L.U. Asesor en materias relacionadas coa industria do libro para diferentes organismos públicos e privados de Canarias. Director artístico do festival MUMES (festival de músicas mestizas) e do festival BUREO (festival de teatro infantil e xuvenil). Director do programa de promoción exterior do Goberno de Canarias, *Canarias Crea*.